



CIRCULAR 87-2024. **CONTROL FGA AL – 05/05/2024 –Mañá**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 5 de maio de 2024 en horario de mañá nas pistas da UCS en Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

- Reservarase un 50% das prazas para atletas que non teñan marca, dende o 1 de abril de 2023, sendo as prazas restantes para as mellores marcas de dito período.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 30 de abril.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas en pista dende o 1 de abril de 2023.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 12:00 horas do xoves 2 de maio e serán remitidas a control@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.



Art.6).- Horario Provisional

CONTROL FGA - 05/05/2024 MAÑÁ		
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE
10:30	110 mv (1,06)	Abs Homes
10:40	110 mv (0,91)	Homes
10:50	100 mv (0,91)	Homes
11:00	100 mv (0,76-0,84)	Mulleres
11:15	1000	Sub 10-12-14 Homes
11:30	1000	Sub 10-12-14 Mulleres
11:45	600	Sub 16 Homes
12:00	600	Sub 16 Mulleres
12:15	80	Sub 14 Homes
12:30	80	Sub 14 Mulleres
12:45	100	Abs Homes
13:00	100	Abs Mulleres
13:15	800	Abs Homes
13:30	800	Abs Mulleres

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a control@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo control@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 24 de abril de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo